



# PROXECTO: “OS ZAPATOS E OS PÉS”

PLAN LÍA DE BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
VI CONCURSO DE TRABALLOS  
POR PROXECTOS

**María C. Casal Montero**

CEIP LAMAS DE ABADE- SANTIAGO DE COMPOSTELA

## INTRODUCCIÓN: “OS ZAPATOS E OS PÉS”

Este proxecto organizouse atendendo ás seguintes fases;


- **ELECCIÓN DO TEMA:** Como se escolle, elixe, ou se propón un tema para facer un proxecto en infantil?

A maior parte das veces surxe por algunha circunstancia, ou acontecemento na aula, outras é a mestra quen facilita ou o provoca introducindo algún material, libro ou conversa sobre o tema de traballo . Ao rematar o curso anterior, e despois de poñer os días de choiva as “katiuscas” que temos no cole para ir a horta, un alumno dixo que xa non lle servían, polo que comezamos a falar do número que calzan e se lle medraran os pés. Ao iniciar un novo curso, e vendo que traían calzado de verán, o que nos permite observar as dedas dos pés, ademais como di a frase: “non hai ninguén mais feliz neste mundo que un neno/a con zapatos novos”.

- **Recollida de ideas previas: QUE SABEMOS?, QUE QUEREMOS SABER?**


1. Comunicación das ideas previas e contraste entre elas. Para poder realizar aprendizaxes significativas é fundamental coñecer as ideas previas do alumnado acerca do tema de estudio. Son dous os procesos que permiten coñecerlas: a través do debuxo ou a través dunha conversa ao mesmo tempo que se abre o panel que recollerá a guía do proxecto.

2. Elaborar o apartado "Que sabemos?" permítenos introducir un **texto enumerativo** e abordar algunhas das súas propiedades (formato, extensión, viñetas,...)



Realizamos un debuxo de forma individual sobre os zapatos, como recollida de ideas previas,

3. Continuando no panel guía do proxecto recolleamos as inquietudes e intereses acerca do tema de estudio (os zapatos). Debido á idade do alumnado o peso dos interrogantes da persoa docente será fundamental, como orientadora e como modelo. Estas preguntas serán o inicio da busca de información e as que decantarán o proxecto cara uns aspectos ou outros.



- **BUSCA DE FONTES DE INFORMACIÓN**

Na metodoloxía de proxectos a colaboración coas familias e a biblioteca para aportar material bibliográfico ou que sirva para complementar información, é fundamental. Tamén podemos recorrer a persoas expertas, a internet, DVD,

1. A redacción dunha nota, en gran grupo, permítenos introducir un **texto informativo** e reflexionar acerca dalgunhas das súas propiedades: relación co real, relación imaxe-texto, función, léxico, fórmulas fixas, formato, función... O contido da nota redactouse en gran grupo na asemblea, sendo a persoa docente a encargada de escribila no taboleiro en presenza do alumnado para poder destacar así esas propiedades relevantes. Na aula de informática o alumnado por parellas fixo un esbozo de esa nota que logo completamos e enviamos por correo electrónico as familias

*PAPÁ E MAMÁ:*

*PARA UN PROXECTO DO COLE, sobre zapatos e pes, NECESITAMOS, SI TEMOS NA CASA: ZAPATOS, ZAPATILLAS, BOTAS,( algún novo, algún antigo, algún gastado ou que non usemos para poder pintar) CORDÓNS, LIBROS OU IMÁXENES DE ZAPATOS, E CALQUERA COUSA RELACIONADA COS PES.*

*MOITAS GRAZAS,POLA VOSA COLABORACIÓN*

Outra estratexia é iniciar ao alumnado nos pasos necesarios para realizar unha busca de información en internet, reflexionando sobre a importancia de comprobar a veracidade da información. Para iso é preciso abrir varias páxinas coa mesma información e contrastar o seu contido, resulta fundamental compartir coas nenas e nenos as estratexias lectoras que empregamos, como por exemplo a lectura en diagonal para localizar un dato.

É convinte a realización destas dúas propostas combinando o gran grupo co pequeno grupo para asegurarse de que todos captan os procesos realizados e poder responder ás características individuais de cada neno e nena.

2. Tamén accedemos á biblioteca do centro escolar, para revisar os fondos e localizar bibliografía sobre o tema. Xa o fixeron noutros proxectos, pero farémolo en pequenos grupos e con moita axuda.

Neste apartado iniciamos:

- Lectura de textos expositivos acerca do calzado.
- Elaboraremos unha nota solicitando a colaboración das familias aportando material bibliográfico.
- Na aula iniciaremos ao alumnado nos pasos necesarios para realizar unha busca de información acerca dun tema concreto en internet reflexionando sobre a importancia de comprobar a veracidade da información.

- **ORGANIZACIÓN DO TRABALLO**

O fundamental nesta fase foron de busca e lectura dos textos, organización e selección. Reflexionamos acerca de que información responde aos interrogantes que nos formulamos e que guían o proxecto, cales quedaron sen resposta e recolleamos aquela outra que tamén resultou significativa.

1. Primeira distribución do tempo
2. Organizar os recursos
3. Establecer pautas de colaboración

Posteriormente as actividades foron encamiñadas á escritura dun breve texto expositivo por parte do alumnado, así como a realización fotografías dos diferentes modelos de calzado que nos achegaron as familias e acompañado dun breve texto explicativo a cada foto.

Desenvolvemos un importante proceso de observación que se veu reflectido nas súas producións plásticas.

O debuxo foi outro recurso para que o alumnado poida expresar os seus coñecementos.

As actividades de medida empregando instrumentos convencionais (metro e cinta métrica) e non convencionais resultaron moi significativas para poder visualizar o tamaño dos pés e os número do calzado.

En canto ao sistema de escritura as actividades versaron fundamentalmente en traballar con letras móbiles palabras do léxico específico deste proxecto e con tarxetas que recollían estas palabras significativas

- **ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES E PRODUCTO FINAL**

A culminación dun proxecto é o uso social que se lle pode dar ao produto final. Sen esta última tarefa perdería a significatividade todo o traballo realizado.

Este proxecto foi presentado ás familias cunha exposición fotográfica e dos traballos realizados, tamén elaboramos un dosiers para a biblioteca de aula.

Cada neno e nena tamén tiña un dossier individual, que levaron para as súas casas, onde se recollían os traballos orixinais elaborados por cada un: debuxo de ideas previas, debuxos de zapatos, actividades de sistema de escritura, e medida

## **PROGRAMACIÓN DO PROXECTO**

### **Obxetivos**

- Ensinarlle ao alumnado a buscar, seleccionar e organizar información sobre un tema concreto.
- Motivar ao alumnado a facer interrogantes acerca do mundo que lle rodea.
- Escribir un breve texto expositivo sobre o calzado.
- Estudar as características máis salientables e as partes do zapato.
- Diferenciar a función dos textos expositivos da función dos textos literarios, así como apropiarse doutras propiedades relevantes dos textos expositivos.

- Recoñecer o proceso de observación como paso previo ao proceso de creación.
- Transformar a información da linguaxe escrita e oral á linguaxe plástica.
- Editar un dossier informativo sobre os pes e o calzado e para darlle uso social.

## Contidos

- Achegamento ás propiedades dos textos expositivos: función, relación co real, relación imaxe-texto, léxico, tipografía, modo de lectura.
- Identificación de diversas fontes de información (libros, internet, persoas expertas, fotografías...)
- Procesamento da información.
- Análise de lendas e películas sobre o calzado e a súa historia.
- Enumeración de características do calzado( tipos, materiais de elaboración, oficios relacionados,...)
- Aplicación de propiedades cualitativas e cuantitativas das palabras.
- Reflexión sobre a información aportada polas imaxes (fundamentalmente fotografías).
- Transformación da información ao debuxo.
- Valoración do traballo realizado a través da edición dun dossier informativo.

## Actividades

- *Debuxo recollida das ideas previas.* Son dous os procesos que permiten coñecerlas: a través dun debuxo ou a través dunha conversa ao mesmo tempo que se abre o panel que recollerá a guía do proxecto. Que sabemos?, introdúcese deste xeito un texto enumerativo.
- *Petición de colaboración ás familias.* Elaboraremos unha nota solicitando a colaboración das familias aportando material bibliográfico. A redacción desta nota en gran grupo permítenos introducir un *texto informativo* e reflexionar acerca dalgunhas das súas propiedades: Relación co real, relación imaxe-texto, función, léxico. Esta nota redáctase en gran grupo e é a persoa docente a

encargada de escribirla en presenza do alumnado (PDI,..) guiándoo a través das súas preguntas na reflexión sobre as propiedades deste texto.

- Accederemos á biblioteca do centro escolar para revisar os fondos e localizar bibliografía sobre o tema.
- *Panel do proxecto.* Este panel recolle as ideas previas (Que sabemos?), cara a onde imos orientar a nosa busca de información (Que queremos saber?) e as posibles fontes de información que podemos empregar (Onde buscamos información). Cada apartado realízase en sesións diferentes. É necesario un lapsus temporal entre a recollida de ideas previas e os interrogantes acerca do tema de estudo para que non se confundan. Debe estar presente ao longo do desenvolvemento do proxecto nun lugar visible e accesible da aula.
- *Lectura de textos expositivos acerca do calzado e a súa evolución.* Negociaremos co alumnado o procedemento para realizar as lecturas da información aportada (gran grupo e pequeno grupo) e a elaboración dos textos expositivos. Algúns dos libros serán dixitalizados para poder realizar lecturas en gran grupo e guiar ao alumnado na reflexión acerca dalgunhas propiedades destes textos: a función como transmisores de información veraz, mellor calidade cando as imaxes son fotografías, ausencia de imaxes en moitos deles, información contrastada en distintas fontes, presenza de gráficos e mapas...
- *Escritura libre atendendo ás distintas etapas no proceso de adquisición da lingua escrita desas palabras.*
- *Unidades de medida convencionais e non convencionais.* Un dos datos importantes acerca do calzado e o da numeración e a talla. Para poder interpretar as medidas reais, empregaremos metros con diferente soporte, regras,.. pero tamén empregaremos medidas non convencionais (o seu propio corpo). Realizamos tamén cálculo por estimación acerca de cal sería a medida dos seus pes e do seu número de zapato.



- *Debuxo individual de diferentes tipos de calzado.* De xeito individual, cada nena e neno, realizou un debuxo reflectindo as características e peculiaridades de cada calzado. Estes debuxos formaron parte dos dosieres individuais do alumnado.
- *Coloreado atendendo ás súas características.* Cada nena e neno coloreou as producións da actividade anterior atendendo ás fotografías visualizadas na aula
- *Organizados en pequeno grupo* cada un era o encargado de transferir á linguaxe plástica unha información concreta. Resulta fundamental destacar que o alumnado non tiña un modelo polo que copiar, as producións son froito do seu coñecemento e da súa capacidade de representación.
- *Colocar tarxetas referidas ao vocabulario e os diferentes tipos de calzado.* Esta é unha actividade de lectura na que novamente o alumnado, reflexionando sobre propiedades cualitativas (por cal empeza?, por cal termina?) e cuantitativas das palabras (cantas ten?, é longa?, é curta?)  
A escritura libre non responde a un proceso de copia. Este alumnado, de 6º curso de educación infantil, xa escribe con hipóteses moi evolucionadas pero ao ser propostas abertas permiten ser abordadas desde diferente nivel de dificultade e diferente nivel de competencia lectora e escritora.
- *Análise das calidades dos zapatos traídos á aula.* Na aula trouxéronse moitos modelos de zapatos reais e que por deterioro ou porque non lles serven, foron utilizados para espertar a súa creatividade como deseñadores e deseñadoras.
- *Composición con letras móbiles.* Para axudar ao alumnado a evolucionar de hipótese as letras móbiles son o recurso fundamental. Permiten abordar a mesma tarefa desde diferente nivel de dificultade: con tarxeta modelo, sen modelo, con máis letras das que preciso, formando palabras novas con esas letras,...O requisito imprescindible é que esas palabras sexan significativas para o alumnado.
- *Escritura dun texto a PE de foto, acerca das características xerais do calzado.*

- *Mapa conceptual.* O mapa conceptual do proxecto foi unha das últimas actividades. Dada a idade do alumnado resultáballe moi difícil a categorización dos contidos que íamos incorporando, telo realizado despois de rematar o estudo
- *Debuxo libre sobre zapatos, pés e calzado.* Reflicten os seus coñecementos sobre as características dos diferentes tipos de calzado e as súas representacións. A realización de proxectos desenvolve dun xeito lóxico e natural a capacidade de observación do alumnado ao traballar con imaxes reais e fotografías e textos de calidade.
- *Responder ás preguntas que abriron o proxecto.* A última actividade desta fase foi unha reflexión sobre o que aprendemos ao longo do desenvolvemento do proxecto. Retomamos as preguntas que nos formulamos no inicio, revisamos cales engadimos (a medida que ampliábamnos coñecementos xurdían novas cuestións) e comprobamos para cales tiñamos resposta e cales quedaron sin ela
- *Maquetación dos dosieres de aula,* aínda que foi case asumida polo docente, eles colaboraron na elección das imaxes

*VER ANEXO COAS ACTIVIDADES REALIZADAS MAIS DETALLADO.*

### **Criterios de avaliación**

- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Empregar e comparar magnitudes de lonxitude coa finalidade de resolver problemas relacionados con situacións cotiás.
- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes
- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información,...

- Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e goce.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

### **Indicadores de avaliación**

- Diferenza a función dos textos literarios dos expositivos.
- É capaz de nomear dúas fontes diferentes de información.
- Propón interrogantes acerca do calzado.
- Nomea as características máis relevantes dos zapatos.
- Valora a fotografía como portadora de información fronte a un debuxo.
- Iníciase no uso de instrumentos de medida convencionais (metro).
- Iníciase no uso de instrumentos de medida non convencionais (corpo).
- Transfire información da linguaxe oral á plástica.
- Organízase en pequeno grupo para desenvolver actividades.
- Interactúa en pequeno grupo no proceso de escritura dun texto expositivo.
- Interactúa en pequeno grupo na transformación de información en debuxo.
- escoita con atención cando se len textos expositivos ou literarios sobre o calzado.
- Transmite información da escola á casa e da casa á escola.
- Realiza debuxos reflexando a información lida.
- Organízase en parella cunha actitude activa.

## **Metodoloxía**

Construtivista e fomentando a aprendizaxe significativa e funcional do alumnado. Tense en conta o que saben as nenas e nenos e o que queren saber. É un deseño aberto que pode variar no seu desenvolvemento. Os tempos son flexibles e aproximados. Os erros valóranse como pasos necesarios na aprendizaxe. Priman os procesos sobre os resultados. Destacar a importancia de crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización, estigmatizar ou ridiculizar.

O proxecto é un fin en si mesmo e non unha excusa para forzar a integración de contidos. Non existe unha preocupación por “cubrir” todos os contidos en cada proxecto, senón máis por desenvolver as capacidades necesarias para provocar aprendizaxes autónomas. A interrelación entre áreas dáse de modo natural e non se busca unha conexión forzada entre elas.

### **Papel da persoa docente:**

- Canalizadora de propostas.
- Organizadora de intereses.
- Enriquecedora de puntos de vista, realizando preguntas intelixentes e oportunas.
- Prevendo recursos.
- Avaliando a súa propia actividade e os novos coñecementos

### **Papel do alumnado:**

Axente activo: formula hipóteses sobre o mundo que lle rodea, comproba a súa veracidade en contacto con outros individuos, establecendo conclusións que se van modificando. Protagonista da súa aprendizaxe.

## RELACIÓN COAS COMPETENCIAS

A competencia fundamental que se potenciará será a **competencia aprender a aprender**. Desenvolvendo actividades de seleccionar, contrastar e interpretar información estamos aplicando procesos cognitivos (capacidades) de avaliación porque o alumnado terá que xulgar.

Desenvolvendo actividades de transferir a información da linguaxe escrita ao debuxo estamos aplicando procesos cognitivos de aplicación porque o alumnado terá que utilizar o aprendido en situacións novas.

Desenvolvendo actividades de organizar a información, recoñecer, nomear e reproducir estamos aplicando procesos cognitivos de coñecemento porque o alumnado terá que recordar feitos.

Abórdase incidindo na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da motivación, da observación, no rexistro das aprendizaxes, posibilitando a planificación e organización das tarefas que se van realizar,...

Outras competencias, tamén fortemente representadas son a **lingüística** porque planificamos tempos e actividades de expresión de pensamentos, vivencias, coñecementos,...tempos para escoitar a opinión das demais persoas e contrastar ideas e opinións e, tamén de xeito planificado, lectura e escritura de textos expositivos e informativos (atendendo ás diferentes etapas no proceso de adquisición da lingua escrita).

A **competencia matemática** porque dun xeito contextualizado e significativo desenvólvense actividades nas que é preciso manexar instrumentos de medida, notacións numéricas, realizar estimacións, etc.

A **competencia dixital** porque é complementaria a aprender a aprender: utilizar internet para buscar, seleccionar, contrastar,...e converter en textos de uso social.

As descritas repercuten directamente na **competencia en autonomía e iniciativa persoal** porque o alumnado terá que realizar eleccións, tomar decisión, emprender accións,...







- **BIBLIOGRAFÍA**



Empregamos dous tipos de texto:

1. **TEXTO EXPOSITIVO:** Adquirir coñecementos específicos sobre un ámbito ou tema. Transmitir un saber social logrando que a persoa destinataria comprenda.
2. **TEXTO LITERARIOS.** Dada a idade do alumnado, os libros de contos e os textos literarios son fundamentais no proceso de aprendizaxe da lectura e da escritura, e con relación a este tema hai moitos contos nos que os zapatos e o calzado teñen relevancia no trama da historia,







Ler para aprender. Lectura lenta, repetida para profundar en determinadas ideas. Require do uso de esquemas, consultar índices, resumir, saltar un parágrafo a veces, reler,... para mellorar a comprensión e transformar o aprendido. Usando diferentes soporte: enciclopedias, revistas especializadas, libros de texto, monografías,...

A selección de títulos proposta pola biblioteca foi:





A selección de títulos aportados polas familias foi:



- Hernández, F. e Ventura, M. (1994): La organización del currículum por proyectos de trabajo. Graó.
- Díez Navarro, C. (1998): La oreja verde de la escuela. Ediciones de la Torre. Madrid.
- Arias Correa, A. e outros (2009): O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria. Xunta de Galicia.